

SOLDADA MINIMA

Manuel Rodríguez López

**Traducción ó catalán por Luis Jorge Rodríguez**

## CANTIGA Ó CARBALLO

Ouh frondoso carballo sombrizo  
que por séculos deches aveños,  
agarimo e quentura ó labrego,  
alumea o meu probe cantar!

Amodiño queimándose os cepos  
o teu lume na anterga lareira  
consolóu os meniños e vellas  
coa sagrada fogueira ancestral.

E nas maus do artesano galego  
eres carro, eres grade e arado;  
eres mango de sacha e machado,  
faste cuba pra o viño gardar.

Longos anos ti fuches, carballo,  
o conforto das nosas aldeas;  
a Galicia contigo está en deuda,  
patriarca de cerna inmortal!

## CANTIGA AL ROURE

Oh, frondós roure pènol, ombrívol,  
que pels secles ens has donat estris,  
aixopluc i escalfor pels pagesos,  
il·lumina el meu pobre cantar!

Lentament es cremaven les soques  
i el teu foc de la llar ben antiga  
consolava els minyons i les velles  
amb sagrada foguera ancestral.

I a les mans del gallec artesà  
esdevéns carro, rascle i arada;  
ets el mànec d'aixada i destral,  
per poder guardar el vi, bóta et fas.

Per molts anys tu has estat, roure pènol,  
confortant-nos als nostres vilatges;  
la Galícia vers tú té un gran deute,  
patriarca de cor immortal!

## TI ES ETERNO

Agro galego,  
paridor inesgotable de clorofilas,  
paradiso sucado  
por infindos regueiros  
de semen ninfático  
fertilizador das tuas entranas,  
sempre disposto  
a fructificar  
en ríacas centeos,  
frescos lameiros,  
soutos acogulados de ourizos,  
mestas carballeiras,  
piñeiraes aviados con traxe novo,  
eucalitos que se arranquean perto do ceo,  
ribeiros e albariños gasalleiros,  
figos celmosos  
e hortas ateigadas de mantenza...

Ti es eterno!

Enxamáis morrerás, agro galego!

Apesares do televexo,  
da radio e das estradas,  
que invaden teus currunchos  
noutrora isolados,  
apesares da sociedá de consumo  
que te materializa,  
encadea,  
masifica e domea  
engaiolándote con feitizos,  
barullos, gargalladas, firmas de letras  
a pagar en tres, sete, nove meses...  
Apesares da dinificación dos mitos  
ti és eterno!

Inda que as tuas donas acadan oufegar a voz anterga  
amamantada no sermo “vulgaris”;  
inda que, desleigadas, se deixen cegar polo meiguizo  
turístico-propagandístico-auditivo-visual  
do “Viva la Vida” “Contamos contigo”;  
inda que reneguen de ser un pobo diferenciado  
i ensinen o castrapo ós seus nenos;  
inda que se mergullen nos rechamos mendaces  
alleos-triumfalistas que nos disipan...  
ti és eterno!

Inda que se esborralle  
o idioma arrequentado polo pobo,  
a multisecular “fonía” céltiga  
non morrerá!

Agro galego,  
noutrora huchete choído,  
que atesourabas garimoso  
as alfaias e pérolas do verbo  
pulimentado nos beizos labregos,  
está a chegar o intre da coitelada final!

Érguete!

Esfrega os ollos e arreponte varil!  
Calca forte e altivo polos teus vieiros!  
Faite irmandiño defensor da fala dos abós!

## TÚ ETS ETERN

Camp gallego,  
paridor inesgotable de clorofí�as,  
paradís solcat  
per infiniti rierols  
de semen nimfal,  
fertilizador de les teves entranyes,  
sempre disposito  
a fructificar  
en ufanosos sègols,  
frescos prats molls,  
castanyedes cobertes de pellons,  
atapeïdes rouredes,  
pinedes abillades amb vestit nou,  
eucaliptus que es vinclen prop del cel,  
*ribeiros i albariños* delitosos,  
figues meloses,  
i hortes plenes de manutenció...

Tú ets etern!

Mai moriràs, camp gallego!

Malgrat el televisor,  
la ràdio i les carreteres,  
que envaeixen els teus racons  
antigament aïllats,  
malgrat la societat de consum  
que et materialitza,  
encadena,  
massifica i doblega  
seduint-te amb embruixos,  
xivarris, riallades, signatures de lletres  
a pagar en tres, set, nou mesos...  
Malgrat la significació dels mites  
tú ets etern!

Encara que les teves dones aconsegueixin ofegar la veu antiga  
alletada pel “sermo vulgaris”;  
Encara que, descastades, es deixin cegar pel fetill  
turístic-propagandístic-auditiu-visual  
del “Viva la Vida” “Contamos contigo”;  
encara que reneguin d’essser un poble diferenciat  
i ensenyin *castrapo* als seus nens;  
encara que se submergeixin als reclams fal·laços  
aliens-triumfalistes que ens dissipen...  
tú ets etern!

Encara que s’ensorri  
l’idioma acrescut pel poble,  
la multisecular fonía céltica  
no morirà!

Camp gallego,  
antany cofret tancat,  
tresorejaves amb cura  
les joies i perles del verb  
polit en els llavis pagesos,  
s’acosta l’instant de la ganivetada final!

Àlça’t!

Refrega els ulls i planta’t, viril!  
Petja ferm i altiu pels teus viaranys!  
Fés-te *irmandiño* defensor de la parla dels avis!

## O XAN DO PLURIEMPREGO

## EL JAN DE LA PLURIOCUPACIÓ

## OBRÓUSE O MILAGRO

## S'HA FET EL MIRACLE

Forzabas na aldea suando rabelas,  
ouvíás ós fillos cramar. I a Xusticia  
virábache o lombo.  
As leis e o Dereito  
facíanse o xordo.

As chuvias, o vento i o sol  
mirraban teu corpo,  
da ialma... millor non falar: Sempre  
magoada coa idea do inferno  
i o demo.

Petaches na porta da vila,  
topaches traballo,  
vendiches os leiros i en troques  
mercaches un piso  
a plazos.

Ecoan nas ruas teus berros de trunfo,  
obróuse o milagro:

A industria non teme nubeiros  
nen pragas nen raios!

Forcejaves a poble suant esteves,  
senties els fills clamant. I la Justícia  
et girava l'esquena.  
Les lleis i el Dret  
feien l'orni.

Les pluges, el vent i el sol  
marcien el teu cos.  
De l'anima...millor no en parlem: Sempre  
afligida amb la idea de l'infern  
i el dimoni.

Has picat a la porta de la vil·la,  
has trobat feina,  
t'has venut els trossos i a canvi  
has comprat un pis  
a terminis.

Ressona al carrer el teu crit de triomf,  
s'ha fet el miracle:  
La indústria no tem nuvolades  
ni plagues ni trons!

### **ESPELLISMO**

Ouh tempo perdido na aldea  
decruento barbeitos, rozando toxals  
tripando lizmachas e trollo,  
seituras, aradas, fogaxe no vrau,  
xaneiros que entalan as maus...

Mal haxa o poeta  
que, ouh parvo, salaia por vos!  
Se a verba atinguira coas sudes  
que verte o labrego arrincando no estrume...!

### **MIRATGE**

Oh, temps percut al llogarret,  
rompent guarets, segant gatosars  
trepitjant llimacs i fang,  
segues, llaurades, xardor estival,  
geners que encanyen les mans...

Mal haja el poeta  
que, neci, sospira per vosaltres!  
Si la paraula atenyés les suors  
que vessa el pagès arrencant la brossa...!

## ¿PROGRESO?

Conqueriches o mundo.  
O xornal que che dan é folgado.  
Non caviles nas horas  
que malvives escravo;  
outras doce eres ceibe, durmindo,  
viaxando no bus e no metro, meu santo!  
O domingo na tele dan fútbol,  
ouh Progreso, qué adianto!  
Serás dono dun piso en dez anos  
e terás prós festivos  
un utilitario...

## PROGRÉS?

Has conquerit el món.  
El jornal que et donen és folgat.  
No cavil·lis en les hores  
que malvius esclavitzat;  
altres dotze ets lliure, dormint,  
reiet meu, al bus i al metro viatjant.  
El diumenge a la tele fan futbol,  
oh Progrés, quin avenç més gran!  
Seràs l'amo d'un pis en deu anys  
i tindràs per als festius  
un utilitari...

## **NA RUA**

Il ben traballaba.  
Non era folgán; pro a saúde  
xogoulle a trasnada.  
Denantes de entrar en plantilla,  
coitado, enfermóu.  
O infarto lañou ó emigrado  
e o mouro industrial rescindíu o Contrato  
deixando na rúa  
ó vello labrego enxertado na vila.

## **AL CARRER**

Ell prou que treballava.  
No era gandul, però la salut  
li va fer una mala passada.  
Just abans d'entrar en plantilla,  
pobret, va emmalaltir.  
L'infart ha estripat l'emigrat  
i el monstre industrial ha rescindit el Contracte  
deixant al carrer  
al vell pagès empeltat a la vil-la.

## PÓLIZA DE ACCIDENTES

Asegún lle pediches,  
o espertador  
desfaise en vibracíos  
alporizando  
o teu cerebro en calma.  
Érguete cedo  
inda que haxa arroiada,  
que faga vento  
ou que esbares no lazo pola rúa.  
Alanca forte! Que vaise o bus!  
No arrabal da cidá  
debaixo dun pendello de uralita,  
nun taadro,  
farás cen buratos minuto,  
perante catorce horas.  
Non teñas grimo!  
Está previsto  
que perfores un dedo  
e o Patrón paga  
póliza de accidentes!

## PÒLISSA D'ACCIDENTS

Segons li vas demanar,  
el despertador  
es desfà en vibracions  
esglaiant  
el teu cervell en calma.  
Lleva't d' hora  
tant si hi ha una aiguada,  
com si fa vent  
o com si patines al glaç del carrer.  
Arrenca a córrer! Que marxa el bus!  
Al raval de la ciutat  
sota un cobert d' uralita,  
amb un trepat,  
faràs cent forats minut,  
durant catorze hores.  
No et faci pena!  
Està previst  
que perforis un dit  
i el Patró paga  
pòlissa d'accidents!

## O VELLO OBREIRO

I

Xa levas seis anos facendo horas estras  
coa teima de erguer unha casa xeitosa  
e crear un fogar que te acolla e convide  
con risos de nenos e meles de esposa.  
As festas traballás con fe e sen acougo  
erguendo paredes, poñéndolles portas,  
pisando sobrados, tellando, pintando,  
sumido na idea da próxima boda.  
Da ialba á serán, a cotío e con presas  
mesturas con mágoas aforros e forzas,  
achandas camiños e fendas penedos.  
Teu sino está escrito. Non hai quen cho torza!

II

Con mil negaciós, sacrificios i á tumbos,  
lograches facer a cativa casoupa.  
Xa tes os teus fillos criados, meu home,  
i ateiga de amor o teu lar unha dona.  
Ficaron moi lonxe os destallos acedos,  
rubiches da vida as montanas mais outas,  
quedou no recordo aquil neno meniño  
sentado no colo a escoitarche as estorias,  
levouse o reloxo a meniña riseira  
que enchía o teu lar de garulos e xoia.  
Agora son iles que se abren camiños  
con sudes arreo, con prantos e loitas.  
O esforzo da vida enxamáis topa fin...  
A roda do tempo non cansa ni acouga!

III

Chegache ós setenta e ninguén se decata  
que aquil coitadiño petrucio da moca  
que, a poucos, camiña nas ruas da vila,  
gastou no traballo saúdes vizosas.  
—Os nenos rebrincan e cantan e berran...  
Con ledos chouchíos saíron da escola!  
Ti espreitas, tristeiro, fiando lembranzas  
e miras prás mans enrugadas... callosas...

IV

Moi perto rexouban doux mozos ye-yés...  
Qué verbas ouviches? Meu santo, ti soñas?  
—Non sei por qué Dios non arrampla cos vello!  
—Xa chama por il a podremia da foxa...!

## EL VELL OBRER

I

Ja portes sis anys treballant hores extres  
amb ganas de fer-te una casa vistosa,  
concebre una llar que t'aculli i regali  
rialles de nens i les mels de l'esposa.  
Triballes festius amb fe i sense treva  
aixecant les parets i posant-hi les portes,  
Solant tot el terra, teulant i pintant,  
pensant ja només que la boda s'acosta.  
I sempre amb les presses, de l'alba al capvespre,  
barrejes amb penes estalvis i forces,  
aplanes senderes i esberles les penyes.  
Ton fat ja està escrit i ningú te'l pot tòrcer!

II

Amb mil negacions, sacrificis i a cops,  
acabares de fer la barraca bufona.  
Ja tens tots els teus fills criats, amic meu,  
i curulla la llar d'amor una dona.  
Bén lluny han quedat escarades amargues,  
de la vida has pujat a les més altes cotes,  
Quedà en el record aquell nen petitet  
que se't seia a la falda i sentia els teus contes,  
el rellotge s'ha endut la petita riallera  
que omplia la llar d'enrenou i de joia.  
Avui ja són ells els que s'obren camins  
amb suors sense fi, ells lluiten i ploren.  
L'esforç de la vida mai troba la fi...  
La roda del temps ni es cansa ni reposa!

III

Has complert els setanta i ningú se n'adona  
que aquell pobriço homenet poca cosa  
que, lent, camina als carrers de la vil·la,  
gastà dins la feina saluts abundoses.  
—Els nens saltironen i canten i criden...  
Amb alegres xisclets han sortit de l'escola!  
Tú aguaites, tot trist, filant remembrances  
i et mires les mans rugoses...calloses...

IV

Ben a prop fan gatzara dos joves ie-iés...  
Has sentit les paraules o somiaves tal cosa?  
—No sé per qué Déu no arramba amb els vells!  
—L'està cridant ja el podriment de la fossa...!

V

O mozo que ledo facía horas estras,  
o pai que contaba ós meniños estorias,  
o abó que loitou toda a vida sen pouso...  
non poide atallar o seu pulo... e chora!

V

El xicot que, content, feia un munt d'hores extres  
el pare que als nens explicava molts contes,  
l'avi que sempre lluità sense paua...  
no pot deturar el seu impuls... i plora!

## HUMILDOSOS CADELIÑOS

O Patrón vello era bon home,  
alternaba contigo  
e cos teus compañeiros. Por Nadal  
obreiros e burgués, xunguidos  
nun xantar de irmandá,  
relocabades acarón do viño.

Era des xente nova. Vós, con folgos;  
ll, sén millós pero un camiño:  
As relaciós humanas a facer  
dos homes humildosos cadeliños...

E morreron os anos  
e destes, deches, sudes a cotío  
e medraron teus netos  
i os fillos dos seus fillos...

Os teus siguen obreiros  
co mesmo sino.  
Os do Patrón son millonarios  
a destragar pesos a fio!

## CADELLETS HUMILS

El Patró vell era un bon home,  
alternava amb tú  
i amb els teus companys. Per Nadal  
obrers i burgès, tots units  
en un dinar de germanor,  
exultàveu vora del vi.  
Éreu gent jove. Vosaltres, amb forces;  
Ell, sense milions però amb un camí:  
Les relacions humanes fent  
dels homes cadellets humils...  
I van morir els anys  
i vau, vas donar, suors dia i nit  
i van créixer els teus néts  
i els fills dels seus fills...  
Els teus segueixen d'obrers  
amb el mateix destí.  
Els del Patró son milionaris  
dilapidant duros sens fi!

## **RENTABRES DIVIDENDOS**

O neto do Patrón vello  
a teu carón  
altivo pasa e teso.  
Sua noxenta ollada  
mágoate mais  
ca unha labazada.  
Findaron os xantares  
da irmandá falsa  
e os risos ledos de antes.  
Medróu a Sociedá  
—un home é un número,  
un sumando namáis—  
Agromaron os xefes  
coma zarrotes  
para programar leises.  
I o Capital bulrento  
tiróu das sudes  
rentabres dividendos.

## **RENTABLES DIVIDENDS**

El nét del Patró vell  
pel teu costat  
passa, tibat i superb.  
La seva repugnant ulla  
t'ha fet més mal  
que una bufetada.  
S'han acabat aquells dinars  
de germanor falsa  
i les alegres rialles d'abans.  
La Societat ha crescut  
—un home un número és,  
un sumand només—  
Han brollat els caps  
com bolets  
per a programar les lleis.  
I el Capital, burlesc,  
n'ha tret de les suors  
rentables dividends.

## **ÉS UN REFUGALLO**

A tua dona xa lavóu  
moitísima roupa de traballo.  
Sodes dous vellos.  
Esas maus deformes apuraron  
os folgos todos  
e o tacto.

Po qué che estrana que o Patrón  
queira porte no paro?  
Perdiche a lixeireza,  
rebordache e alasas, meu coitado.  
Agora xa non rendes; que estás feito  
un refugallo!

## **ETS UNA RAMPOINA**

La teva dona ja ha rentat  
moltíssima roba de treball.  
Sou dos vells.  
Eixes mans deformes han esgotat  
totes les forces  
i el palp.

Per què se't fa estrany que el Patró  
a l'atur et vulgui deixar?  
Has perdut l'agilitat,  
T'has desbordat i panteixes, pobret meu.  
Ara ja no rendeixes, que estàs fet  
una rampoina!

## CONTRATO

De traballo en percurso  
dempois de longas camiñatas  
polo arrabal fabril,  
deche, ó fin, cunha porta franca.  
as tuas maus calosas  
garabatearon nomes, datas;  
namentras remuiñábanche  
mil ideas na ialma:  
Xornal, fillos, muller,  
termar da casa,  
catro meses valeiros,  
comendo bágoas  
porque a Crisis deixárate na rúa  
sen doerse das entranas...  
Xa tés onde gañar o pan.  
Traballas,  
inda que a loita sigue  
e as mouras inquedanzas;  
que sóio por tres meses  
as tuas maus contratan...  
Os días voarán. O Paro,  
cal noxenta pantasma,  
con gargalladas cínicas,  
AGARDA!

## CONTRACTE

A la recerca de feina  
després de llargues caminades  
pel raval fabril,  
Vas trobar, a la fi, una porta franca.  
Les teves mans calloses  
van gargotejar nomes, dates;  
mentres se t'arrombollaven  
mil idees a l'ànima:  
Jornal, fills, dona,  
mirar per la casa,  
quatre mesos buits,  
menjant llàgrimes  
perque la Crisi et va deixar al carrer  
sense llàstima a les entranyes...  
Ja tens on guanyar-te el pa.  
Treballes,  
tot i que la lluita continua  
així com les negres temences;  
que només per tres mesos  
les teves mans contracten...  
Els dies volaran. L'Atur,  
com enutjós fantasma,  
amb riallades cíniques,  
T'AGUAITA!

## EXPEDIENTE DE CRISIS

I

O burgués estudiou coa xerencia  
listas interminabres,  
números, nomes, peós, xubilados posibres,  
xente moza, obreiros que inda rinden,  
homes caducos, laranxos sen zumo, escurridos.

O traballo minguóu. Sobra xente.  
A coniuntura impón roteiros novos.  
Hai que despavilarse!  
Non poide o burgués cobexar a tantísimo obreiro!  
“Que veña o abogado! Que furgue nas leises!  
Chamai conselleiros! Traguéi os impresos,  
que a crísis alanca facendo estropicio  
nos cimentos do noso negocio zugado  
por tantos larpeiros que viven á conta da Empresa!”

II

O expediente de Crisis  
ateigou os recunchos do taller  
de neboeiros e meigas  
que agoiraban tempadas sen pan  
e meniños encoiros,  
dona a pedichar nos postos do mercado  
i homes buscando traballo na praza da vila.

III

“Nabondaron, meu amo, escrituras  
nen falseiros balances pró Xuez.  
Eu faréi que lle mingüe a plantilla  
de indireutos e vellos nun mes”.  
“Bota a xente que xa non produce  
—estou farto de vagos manter—  
entramentras, arranxo o Recurso  
e preparo outros novos papés!”

IV

Quere Vostede, señor, xubilarse?  
Sabe que a casa malvive un momento de crisi.  
Coido que intresa coller un retiro  
acorde coas arcas valeiras da Empresa.  
Que non matinóu tan xiquera tal cousa?  
Estamos coidando pagarlle  
dobrado o que marcan as leis  
cada mes!  
Quince mil pesetas sen erguerse cedo  
na crua invernía!  
Quince mil pesetas  
sen sudes no vrou!  
Quince mil pesetas  
sen vir ó traballo! De renta no mes!

## EXPEDIENT DE CRISI

I

El burgès ha estudiat amb Gerència  
llistes interminables,  
números, nomes, peons, possibles jubilats,  
gent jove, obrers que encara rendeixen,  
homes caducs, tarongers sense suc, eixuts.  
El treball ha minvat. Sobra gent.  
La conjuntura imposa nous derroters.  
S'ha d'espavilar!  
No pot el burgès aixoplugar tants d'obrers!  
“Que vingui l'advocat! Que remeni a les lleis!  
Crídeu consellers! Porteu els impressos,  
que la crisi gamba fent estropell  
als ciments del nostre negoci xuclat  
per tant de paràsit com viu a compte de l'Empresa!

II

L'expedient de Crisi  
va abarrotar els cantons del taller  
de nuvolots i de bruixes  
que auguraven temporades sens pa  
i menuts magres,  
dones pidolant per les parades del mercat  
i homes buscant feina a la plaça de la vil-la.

III

“No hem fet prou, amo meu, amb escriptures  
ni amb falsos balanços per al Jutge.  
Jo faré minvar la plantilla  
d'indirectes i vells en un mes”.  
“Fés fora la gent que ja no produeix  
—de mantenir dropos, mai més—  
mentrestant, arranxo el Recurs  
i preparo uns altres nous papers!”

IV

Vol Vostè, senyor, jubilar-se?  
Sap que la casa passa per moments de crisi.  
Trobo que li interessa cobrar un retir  
d'acord amb les arques buides de l'Empresa.  
Que ni tan sols ha rumiat tal cosa?  
Estem pensant pagar-li  
el doble del que marca la llei  
cada mes!  
Quinze mil pessetes sense llevar-se d'hora  
al bell mig de l'hivern!  
Quinze mil pessetes  
sense suors a l'estiu!  
Quinze mil pessetes  
sense venir a la feina! De rendes cada mes!

Non chegan, dice, pra vivir as quince mil?  
A dobla quer cobrar?  
Que leva vintecinco xa  
traballando na Empresa?  
Non aceta?...  
A Xerencia non dorme e verá  
os manexos direitos ou tortos da vía legal.

V

Pola tarde vai cobrar recibos  
o vello obreiro.  
O sangue zorrégalle forte nas sens;  
que non lle abonda o soldo.  
O Burgués que il servíu vintecinco  
longos anos,  
cruza a Gran Vía  
cunha rameira no coche de Sport  
i o vello obreiro,  
que non lle abonda o soldo,  
obrigado a coller o retiro,  
cuspe veneno i enxerga os seus puños ó ceo!

Com diu? Que no fan prou per viure, les quinze mil?  
El doble vol cobrar?  
Que en porta vint-i-cinc ja  
treballant a l'Empresa?  
No hi accepta?  
La Gerència no bada i mirarà  
les intrigues dretes o tortes de la via legal.

V

Per la tarda surt a cobrar rebuts  
el vell obrer.  
La sang li batega fort a les temples;  
car no li arriba el sou.  
El burgès a qui va servir vint-i-cinc  
llargs anys,  
travessa la Gran Via  
amb una meuca al cotxe esportiu  
i el vell obrer,  
car no li arriba el sou,  
obligat a agafar el retir,  
escup verí, i arbora els punys contra el cel!

## O LACAIO

Eras fume somentes,  
o derradeiro da oficiña.  
Vívias alugado,  
recén casado,  
nunha buhardilla.

Soupeche aloumiñar ó Xefe  
e conxugache os verbos do lacaio  
ó dreito i ó revés  
“Anicrarse” “Lamber”  
no futuro, en presente e no pasado.

Asulagando ós compañeiros  
o teu xornal estalicóuse mais  
deica franquearche as portas do Consello.

A estrada do porvir  
tén semáforo verde!  
Tripa, esmaga, encadea,  
magoante alferrón, fera  
vianxante de intereses!

Dille ó burgués, sinxelamente,  
que teñen voluntá,  
pro fállalles a base. Dillo, faino!  
Emprega tua cínica piedá,  
lizmacha porcallenta,  
contakilómetros  
do parte diario  
ó amo!

## EL LACAI

Eres fum només,  
el darrer de la oficina.  
Vivies de lloguer,  
casat de nou,  
a unes golfes.

Vas saber acariciar al Cap  
i conjagues els verbs del criat  
del dret i del revés  
“Ajupir-se” “Llepar”  
en futur, en present i en passat.

Enfonsant els companys  
el teu jornal s'ha estirat més  
fins a obrir-te les portes del Consell.

La carretera de l'avenir  
té el semàfor en verd!  
Trepitja, esclafa, encadena,  
fibló feridor, bèstia  
viatjant de l'interès!

Digue's al burgès, sincerament,  
que tenen voluntat,  
però els falla la base. Digue-li, fes-ho!  
Fés servir la teva cínica pietat,  
llimac fastigós,  
comptaquilòmetres  
de l'informe diari  
a l'amo!

## OS DIAS DA SEMANA

Lus: Abrinte, comenzo, suma e sigue,  
principio dunha nova etapa  
no decorrer monótono  
de ensoñadas espranzas.

Martes: Estrada longa e costaneira,  
chea de lama,  
sempre a rubir  
cara a meta lonxana.

Miércoles: Parte o peito  
nas fresas, nos taadros ou na fráguia!  
Gaña o pan! O traballo dinifica,  
enxendra forza e rexenera a alma!

Xoves: De sol a sol cumpriches  
coa tua cárrega;  
cada quen terma  
da sua canga!

Vernes: A mala estrela  
abúrate onde quer que vayas,  
as inxusticias  
son lousas que esmagan.

Sábado: Cobro mínimo. Non seña  
que te arrepoñas. A soldada  
há ser xusta. A cubiza  
o espírito emporcalla.

Domingo: Día santo. Prega os xionllos!  
ergue unha oración de gracias;  
que tés saúde e tés traballo,  
respiras, ollas, soñas... Non che basta?

## ELS DIES DE LA SETMANA

Dilluns: Clarejant, inici, suma que segueix,  
principi d'una nova etapa  
al trànsit monòton  
d'ensonyades esperances.

Dimarts: Carretera llarga i rosta,  
plena de fang,  
sempre pujant  
cap a la meta llunyana.

Dimecres: Trenca el pit  
a les freses, als trepants o a la farga!  
Guanya't el pa! El treball dignifica,  
engendra força i regenera l'ànima!

Dijous: De sol a sol has complert  
amb la teva càrrega;  
cadascú el seu mort  
aguanta!

Divendres: La mala estrella  
et burxa allà on vagis a raure,  
les injustícies  
son lloses que esclafen.

Dissabte: Cobrament mínim. No fos cas  
que et revoltis. La soldada  
ha de ser justa. La cobdícia  
a l'esperit deixa taca.

Diumenge: Dia sant. Plega els genolls!  
alça una oració de gràcies;  
que tens salut i tens treball,  
respires, veus, somies... No tens prou encara?

## CUMPRE COAS OBRIGAS

Oxe é festa. Non saias da casoupa.  
Esquece, accoga, durme, enxendra fillos,  
non matines en festas  
nin fuxas do teu circo.  
As autopistas  
feden a caravana.  
Repón forzas,  
non queiras coñecer,  
faite o parvo e espreita o televexo.  
Verás fútbol,  
minifaldas arreo,  
ledicia de vivir, facianas fonchas...  
Esquece que se funden cartos  
en esmorgas e enchentes.  
Esquécete, por Dios!  
No que outros esborrallan ti non pensest  
e prega ó ceo perdón prós descarriados!  
Namentras o burgués e os novos ricos  
en restaurantes de sona  
enchen bandullos con bistecs e tarta  
e os porcos fozan  
nos residuos da gula cristiana,  
ti non caviles! Cumpre  
nas fresas e nos taadros,  
coa eirexa e coa familia... Cada quen  
apeita co seu fado!

## COMPLEIX LES OBLIGACIONS

Avui és festa. No surtis de la caseta.  
Oblida, reposa, dorm, engendra fills,  
no matinis per festes,  
ni fugis del teu cercle.  
Les autopistes  
fan pudor de caravana.  
Refes-te,  
no vulguis conèixer,  
fes com un babau i guaita la tele.  
Veuràs futbol,  
minifaldilles a dojo,  
alegria de viure, cares inflades...  
Oblida que es fonen els quartos  
en gresques i grans àpats.  
Oblida-te'n, per Déu!  
En el malbarat dels altres tu no hi pensis!  
i demana al cel perdó per als esgarriats!  
Mentrestant el burgès i els nous rics  
en restaurants d'anomenada  
s'omplen el pap de bistecs i pastissos  
i els porcs fotjen  
de la golafreria cristiana, els residus.  
Tu no hi pensis! Compleix  
a les freses i als trepants,  
amb l'església i la família... Cadascú  
tragina el seu fat!

## O XAN DO PLURIEMPREGO

Nun recanto da praza, estalicado,  
descompónse un cadavre mentras brúan  
os coches domingueiros que degoran  
o sol da praia.

Mergullado no embrullo das ideas  
o Xan do pluriemprego e das obrigas  
atravesó a estrada pra ceibarse  
da escravidume.

E ninguén se decata que aquil home  
puido morrer na sua Terra,  
ser esterco da Patria, ser mapoula,  
tornarse fror!

## EL JAN DE LA PLURIOCUPACIÓ

En un cantó de la plaça, estès,  
es descompon un cadàver mentre bramen  
els cotxes diumengers que frisen  
pel sol de la platja.

Capficat en l'embull de les idees  
el Jan de la plurocupació i les obligacions  
va travessar la carretera per liurar-se  
de l'esclavitud.

I ningú no se n'adona que aquell home  
podia haver mort a la seva Terra,  
ser adob per la Pàtria, ser rosella,  
tornar-se flor!

## NEGAREIME

Pra qué vou cantar do burgués,  
larpeiradas, enchentes e frores?  
Cómo poide empolar o meu peito  
unha cantiga ollando mil dóres?  
Mariñeiro que engulen os mares,  
silicosos mineiros que morren,  
picariños que están sen escolas,  
sen futuro, sen xeito e sen norte...  
Con qué liras pregadas que cante  
cando todas están desacordes?  
Ergo os ollos e vexo manobras  
a xantar sen compango e sen postres,  
enzoufados no chau pra seguir  
traballando sen folgo hastra a noite.  
As mañás o arrabal formiguea  
—entramentras o rico inda dorme—  
No taller un cronómetro fai,  
asañoso, teimudos controles.  
Tal becerros na feira do quince,  
en camiós i autobuses os homes  
sán das fábricas, méntralos xefes  
ruben, fonchos, nos rápidos coches.  
—Hai escravos que sirven ós ricos  
dende a ialba fazendo hastra a noite—  
Cómo poide empolar o meu peito  
unha cántiga, ollando mil dóres?  
Qué tristura o vivir dos obreiros!...  
Qué de aldraxes esmagan ós probes!...  
Negareime a cantar e rezar,  
mentras haxa quen xure e quen chore!

## EM NEGARÉ

Per què haig de cantar del burgès,  
llepolies, atipades i flors?  
Com pot covar el meu pit  
una cantiga veient mil dolors?  
Mariners engolits per la mar,  
miners silicosos que han mort,  
criatures que estan sense escolas,  
sense futur, sense sentit, sense nord...  
Amb quines lires demaneu que canti  
si estan destemprades del tot?  
Alço els ulls i veig uns manobres  
dinant només pa i sense postres,  
embrutats al terra per seguir  
treballant sens parar moltes hores.  
Pels matins el raval formigueja,  
—mentrestant alguns rics bé que dormen—  
Al taller un cronòmetre fa,  
irritant, obsessius controls.  
Com vedells a la fira del quinze,  
en camions i autobusos els homes  
de les fàbriques surten, però els caps  
pujen, fatus, als seus ràpids cotxes.  
—Hi ha esclaus que serveixen els rics  
cavant de matí fins bén fosc—  
Com pot covar el meu pit  
una cantiga, veient mil dolors?  
Quina pena la vida dels obrers...!  
Quants ultratges esclafen els pobres...!  
Em negaré a cantar i a resar,  
mentre n'hi hagi que reneguen i ploren!

## NADAL: UNHA ESPERANZA

I

Nunhas pallas espido,  
acarón de María  
o meniño gralea  
e xoga coas manciñas.

Aldeáns e pegureiros,  
sen medo á noite fría,  
sabedores da Nova,  
relocan de ledicia  
e achéganse ó Ruliño  
con presas e a porfía  
pra ofrecerlle regalos  
e cantar panxoliñas.

Qué de ensonos e festa,  
de amor e algarabía!  
Qué fermo o Déus-Neno  
no colo da naiciña!

II

O pobo asoballado  
agardaba ó Mesías  
pra librarse de Herodes,  
dos fariseos e escribas.  
As concencias sinxelas  
creían nas profecías  
e benzoaban ó Pícaro  
que algareiro surría;  
pero a Teocracia,  
xorda ás verbas divinas,  
non cré nos libros sagros...  
Predica hipocresía!  
Iles soñan co rei  
do Imperio Israelita...  
Non cavilan no pobo  
que reclama Xustícia!

III

Xa ruaron moitismos Nadales  
coa estreiña alumando o carreiro  
que conduce ó barrelo do Neno  
—Sinxeleza, Virtude e Amor—

Gran rebumbio e ledicia no pobo,  
esperanza de paz e irmandade...  
Cada inverno rexurde o milagre,  
flor dun día que axiña murchóu.

Caifás e Pilato perxuran!  
É falseira a lembranza do Rulo!  
Barrabás anda ceibe no mundo  
e a Xusticia agoniza na Cruz!

## NADAL: UNA ESPERANÇA

I

En unes palles tot nu,  
al costat de Maria  
el petit xerroteja  
i juga amb ses manetes.

Vilatans i pastorets,  
sense por a la freda nit,  
sabedors de la Nova,  
d'alegria han enfollit,  
i s'acosten al Minyonet  
amb pressa, insistents,  
per donar-li regals  
i cantar-li villancets.

Tot de somnis i de festes,  
d'amor i xerinola!  
Que n'és de formós el Déu-Nen  
a la falda da marona!

II

El poble sotmès  
esperava el Messies,  
per lliurar-se d'Herodes,  
de fariseus i d'escribes.  
Les conciències sinceres  
creien les profecies  
i illoàven el Petító  
que xiroi, somreia;  
però la Teocràcia,  
sorda a les paraules divines,  
no creu en els llibres sagrats...  
Predica hipocresia!  
Ells somien amb el rei  
de l'Imperi Israelita...  
No es recorden del poble  
que reclama Justicia!

III

Van passar moltíssims Nadals  
amb l'estel il·luminant el corriol  
que duu al bressol del Nen

—Sinceritat, Virtut i Amor—  
Gran rebombori i alegria al poble,  
esperança de pau i germanor...  
Cada hivern rebolla el miracle,  
flor d'un dia que aviat s'ha marcit.  
Caifás i Pilat perjuren!  
Enganyós és el record del Minyó!  
Barrabás campa lliure pel món  
i la Justicia agoniza a la Creu!

## **SÓ SE LAIAN OS PARVOS**

Escalectris, semáforos,  
gases, frenos,  
epilépticos bruídos, rodantes  
caravanas de vértigo:  
Trunfa a máquina, logro do esforzo viril.  
Mocedá, mini shorts, masis, midis arreo,  
vida fácil que atopa  
todo feito.  
Diversiós. Estrenar Destragar...  
Só se laian os parvos. Os bicos son tenros  
anque esteña na rua un cadavre catro horas  
agardando o Xuez.

## **NOMÉS ES QUEIXEN ELS BABAUS**

Scalextrics, semàfors,  
gasos, frens,  
epilèptics brams, rodants  
caravanes de vertigen:  
Triomfa la màquina, fita de l'esforç viril.  
Joventut, *mini shorts, masis, midis* a dojo,  
vida fàcil que s'ho troba  
tot fet.  
Diversions. Estrenar Malgastar...  
Només es queixen els babaus. Els petons són tendres  
encara que al carrer un cadàver s'estigui quatre hores  
esperant el Jutge.

### **VESTIDA DE ALDRAXE**

Vestida de aldraxe e mouras cubizas,  
de inxusticia arreo i eternas perguizas,  
preñada de roubos, chea de ruindade,  
afógame a bosta desta sociedade.

Os sete pecados a mallar nos servos,  
alancan decote fonchos e soberbos  
e trunfa a luxuria e medra o ladrón  
e campa o usureiro e vive o lambón.

Prós nosos meniños agroman, coitados,  
futuros de bágoas con fel mesturados:  
Ni escolas ni industrias, nin cencia ni abeiro...  
Un corgo lles queda: Fuxir ó estranxeiro!

I aínda hai poetas que cantan as frores  
e falan de meles i ensoñan amores  
i alaudan e gabán e batén as maus  
e din, a porfía, que somos irmáns.

### **VESTIDA AMB PARRACS**

Vestida amb parracs i cobdícia negra,  
de contínua injustícia i mandres eterne,  
prenyada de robatoris, plena de roïndat,  
m'ofega la merda d'aquesta societat.

Els set pecats colpejant el serf,  
gambén dia i nit cofois i sobergs  
i triomfa la luxúria i creix el lladregot  
i campa l'usurer i viu el llepó.

Germinen per als nostres pobres infants,  
futurs de llàgrimes amb fel barrejats:  
Ni escoles, ni indústries, ni ciència ni recer...  
Un camí els queda: Fugir a l'estrangeiro!

I encara hi han poetes que canten les flors  
i parlen de mels i somien amors  
i lloen i gabén i piquen de mans  
i diuen, amb porfidia, que som germans.

**LOITO NA DIASPORA**  
A Xosé Lois Blanco Campaña

I

Bergantiños lonxana que dormes  
arrolada no colo do mar,  
no desterro xa levo trinta anos  
e non sei cández poida voltar.

Dende neno na diáspora vivo  
cavilando no patrio fogar...  
Na bisbarra fermosa e lonxana,  
que cantara Eduardo Pondal!

Da cidade os barullos e presas,  
tal ferretes do mouro alacrán,  
magoáronme a ialma, coitado de min,  
hastra mesmo sangrar!

II

Malpica das ínsuas Sisargas,  
abeiro das aves do mar;  
Encaixes en flor —Camariñas—  
Ti, Laxe, do longo areal;  
Suaves veigales e fortes piñeiros  
á veira do Allóns, a fungar...  
Muxía, das furnas e a Virxe da Barca...  
—¿A pedra podréi abalar? —  
Vimianzo, Fisterra, Dombate... ¿hastra cando  
teréi que agardar?

III

“Dous milleiros de moinantes  
noutras naciós espallados,  
orfos de nai,  
soñando cunha Patria  
garimosa cos fillos,  
ceibe e ricaz...”.

Triste sino dos galegos  
lonxe en terras alleas  
pra gañar o pan!

Deica cández zugaremos  
iste fel acedo?  
Por sempre, Deus, quizáis?

**DOL A LA DIÀSPORA**  
A Xosé Lois Blanco Campaña

I

Bergantiños llunyana, reposes  
bressolada a la falda del mar,  
bandejat, trenta anys ara porto  
i no sé quan podré retornar.  
Des que era petit a la diàspora visc  
amb cabories del patri fogar...  
La contrada formosa i llunyana,  
com l'Eduardo Pondal va cantar!  
De la ciutat, el rebull i les presses,  
com fíblades del negre alacrà,  
m'han aflijit l'ànima, pobre de mi,  
fins i tot arribant a sagnar!

II

Malpica a les illes Sisargas,  
recer dels ocells de la mar;  
Flors de punta de boixets —Camariñas—  
Tú, Laxe, del llarg arenal;  
Hortes suaus i pins vigorosos  
a la vora del riu Anllóns, xiulant...  
Muxía, de les grutes, i la Virxe da Barca...  
—La pedra faré bascular? —  
Vimianzo, Fisterra, Dombate... Fins quan  
hauré d'esperar?

III

“Dos milers de truginers  
escampats per altres nacions,  
orxes de mare,  
somiant amb una Pàtria  
amorosa amb els fills,  
lliure i abundant...”  
Afligit destí dels gallecs  
lluny en terres alienes  
per guanyar-se el pà!  
Fins quan xuclarem  
aquest fel amarg?  
Per sempre, Déu, potser?

## A EMIGRANTE

I

Onte chegaches pra pedir traballo  
á gran cidade; que deixaches, dona,  
os cativiños i o marido lonxe  
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio mergullada,  
ninguén enxoita as bágoas que te escoan,  
ninguén cavila na tristura infinda  
que te aferrolla.

A tua ialma esnaquizada zuga  
o fel acedo do emigrante sino  
i a todas horas, soia en terra allea,  
soñas cos fillos.

Il non tén saúde; que a perdéu moi novo  
tronzando toxos e cavando a bouza  
na probe aldea.

Somente quedan os teus brazos rexos  
pra erguer a casa asulagada en tebras;  
coitados nenos, de farrapos cheus...  
cómo langrean!

II

Da noite roubas horas de descanso  
e fas roupiña prós meniños teus;  
comes codelos pra aforrar os cartos  
do longo mes.

Non eres soia! Se somente ti  
o fel beberas dainxusticia moura,  
que abura un pobo, que atanaza á raza  
que nos esfola...

Donas e mozas a milleiros fuxen  
a terra estrana, percurando o pan;  
que as leis non valen pra sandar as chagas  
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan velllos,  
homes eivados, silvas, corgas, nenos...  
Galicia é fonte que somente deita  
prantos tristeiros.

III

Non canto á dona que no pazo folga.  
Non loubo, NON, á enseñoreada lurpia  
nen á burguesa que esquecéu a lingoa  
i a caste súa.

O meu poema, mesturado en sangue,  
alauda á probe i a emigrante cansa  
do vieiro longo, do camiño choído,  
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos  
soña os seus nenos!

Eu canto á moza que en cidade allea  
soña coa aldea!

Eu canto á aboa que acanea a filla  
da sua filla!

## L'EMIGRANT

I

Ahir vas arribar per demanar feina  
a la gran ciutat; car vas deixar, dona,  
els petits i el marit lluny  
en una cabana.

A l'asfalt i al rebombori enfonsada,  
ningú eixuga les llàgrimes que et degoten,  
ningú no pensa a la tristor infinita  
que t'empresona.

La teva ànima esberlada xucla  
el fel amarg de l'emigrant destí  
i a totes hores, sola en terra aliena,  
somies amb els fills.

Ell no té salut; la va perdre sent molt jove  
esbocinant gatoses i cavant a la garriga,  
al pobre llogaret.

Només resten els teus braços forts  
per aixecar la casa ennuegada amb tenebres;  
pobres nens, de parracs plens...  
com famegen!

II

A la nit li robes hores de descans  
i fas robeta pels teus minyons;  
menges rosegons per estalviar  
al llarg del mes.

No estàs sola! Si fossis només tú  
qui beu el fel de la negra injustícia,  
que socarrima un poble, tenalla la raça,  
que ens escorxa...

Dones i mosses fugen per milers  
cap a terra estranya, cercant el pà;  
car les lleis no valen per guarir les nafres  
de la pobre llar.

Resta erm el poble. Només queden vells,  
homes baldats, esbarzers, carrerades, nens...  
Galícia és font que només raja  
plors de lament.

III

No canto a la dona que a palau ganduleja.  
No lloo, NO, a l'harpia ensenyorida  
ni a la burgesa que ha oblidat la llengua  
i la casta seves.

El meu poema, barrejat amb sang,  
lloo la pobre i l'emigrant cansada  
del llarg viarany, del camí enfangat,  
desfeta en llàgrimes.

Jo canto a la dona que en terres llunyanas  
somia amb els seus nens!

Jo canto a la fadrina que en ciutat aliena  
somia amb el llogaret!

Jo canto a l'àvia que bressola la filla  
de la seva filla!

## BOTO DE FALLA O TERRÓN

Trinta longos anos esmagándome a ialma  
sempre arrodeado de asfalto e ladrillos,  
cheo de reloxes, minutos e presas,  
homes que van desbocados, sen tino,  
roxos semáforos, longas agardas,  
“metros” que feden a sudes de eternos xentíos,  
berros, protestas no bus, rempuxós,  
masa de corpos que cheira egoísmos,  
coches, tranvías, camiós,  
clasons e motos que brúan e fenden ouvidos;  
craras, patentes diferencias sociaes,  
brancos chalets, residencias de ricos,  
tristes barracas no probe arrabal,  
nenos sen pan, sen escolas i espidos...

Boto de falla o terrón,  
choro magoado, no cárcel da vila o meu Sino,  
i ergo as palpebras ó ceo pescudando un indulto  
pra ista cadea perpetua que vivo.

## M'ENYORO DEL TROS

Trenta llargs anys esclafant-me l'ànima  
sempre envoltat d'asfalt i totxanes,  
ple de rellotges, minuts i presses,  
homes que van desbocats, sense seny,  
semàfors vermells, llargues esperes,  
metros que fan pudor de suors d'eternes gentades,  
crits, protestes al bus, empentes,  
massa de cossos amb olor d'egoismes,  
cotxes, tramvies, camions,  
clàxons i motos que bramen i fenen oïdes;  
clares, patents diferències socials,  
blancs xalets, residències de rics,  
tristes barraques al pobre raval,  
nens sense pa, sense escoles i desvestits...

M'enyoro del tres,  
ploro adolorit, a la presó de la vila, pel meu Destí,  
i alço les parpelles al cel, indagant un indult  
per aquesta cadena perpètua que visc.

**ANO INTERNACIONAL DO NENO – ANY INTERNACIONAL DEL NEN**

**ONDE ATOPAR A POESÍA?**  
**Adicado ó meu fillo Sant-Iago**

**ON TROBAR LA POESIA?**  
**Dedicat al meu fill Sant-Iago**

I

Onde atopar a poesía?  
No fror? Nos sentimentos? Na paisaxe?  
No amor quizáis? No corazón tal vez?  
No lumbrigar do día? No solpor?  
A inspirada palabra do poeta  
fai milagres. Ill pode, sen esforzo, doadamente,  
escolmar a bondade,  
ollar a fermosura,  
sentir no máis profundo  
o latexar da ialma.  
O poeta é capaz de enfeitizar  
no seu laboratorio espiritual  
a podremia da fror,  
a ruindá dun corazón...  
O poeta, no crisol das suas químicas,  
sempre adiviña a poesía.  
Pero, dónde se alcontra  
a cheas, rebordante e pura?

I

On trobar la poesia?  
A la flor? Als sentiments? Al paisatge?  
A l'amor tal vegada? Al cor potser?  
En la lluentor del dia? A la solpostada?  
La inspirada paraula del poeta  
fa miracles. Ell pot, sense esforç, fàcilment,  
discernir la bondat,  
ullar la bellesa,  
sentir al més profund  
el bategar de l'ànima.  
El poeta és capaç de fetillar  
al seu laboratori espiritual  
la podridura de la flor,  
la roïndat d'un cor...  
El poeta, al gresol de les seves químiques,  
sempre endevina la poesia.  
Però, on es troba  
a dolls, desbordant i pura?

II

Nos brazos dunha mai,  
o meniño riseiro  
é poesía.  
Nos parques e xardís,  
cheus de barullos e gralear de nenos,  
esiste a poesía.  
No fogar e na escola,  
nos camiños e rúas,  
donde se alcontra un neno,  
sentiredes o celme da poesía.  
Cando iles bican  
e mesmo cando choran,  
seus sentimentos son tan verdadeiros  
que deitan poesía.  
Sen picariños,  
do amor as fontes cegarían  
e a poesía morrería.

II

Als braços d'una mare,  
el minyó rialler  
és poesia.  
Als parcs i jardins,  
plens de gatzara i xerroteig de nens,  
existeix la poesia.  
A la llar i a l'escola,  
als camins i carrers,  
allà on es troba un nen,  
sentireu el tast de la poesia.  
Quan ells petonegen  
àdhuc quan ploren,  
els seus sentiments son tan vertaders  
que degoten poesia.  
Sense marrecs,  
les fonts de l'amor s'assecarien  
i la poesia moriria.

## IN MEMORIAM

### NA MORTE DO MECENAS

Novamente agroma a primaveira leda, vizosa, prometendo o froito da árbore e da roseira; pero o loito entolda a nosa ialma: A ladroeira aceirada gadaña fixo feira seiturando o petrucio enxebre. Moito perdéu a Terra! Acedo pranto escoito da Galicia magoada na outra veira...

O gran Mecenas do saber galego, o loitador dun fértil novo abrente accouga en Chacarita coa inquedanza do rexurdir da Patria e, no sartego, xunto ó irmau Castelao, Manuel Puente ergue o Pendón mesiánico da Espranza.

### PER LA MORT DEL MECENES

De bell nou brolla la primavera joiosa, frondosa, prometent el fruit de l'arbre i el roser, però el dol ha velat la nostra ànima: La lladronera dalla acerada ha fet bona fira segant el patriarca galleg. Quina pèrdua per la Terra! Amarg plany sento de la Galicia affligida, a l'altra riba... El gran Mecenes del galleg saber, el lluitador d'un nou matí fèrtile reposa en Chacarita amb la frisança del renàixer de la Pàtria i, al sepulcre, junt amb el germà Castelao, Manuel Puente alça el Penó mesiànic de l'Esperança.

### A CHE GUEVARA MORTO

Tiña un xornal nas maus, bágoas nos ollos,  
caraxe nas entranas e bulleiro.  
—Finóuse O Che Guevara, “O Guerrilleiro”—  
lín no papel. Tremábanme os xionllos,  
magoado e apreixado por ferrollos,  
esmagado co crimen sanguíñeiro.

Anoxado preguéi: “Érguete, obreiro!  
Despavila aldeán; Facéivos mollos!  
Eis que chegou o tempo da vinganza!  
Pola Paz e a Xusticia, berrái forte  
nas fábricas, nas catedras, nos agros;  
que tornarásé pomba de esperanza  
o abreto que soñou. E a sua morte  
postergará os apócrifos milagros!”

### AL CHE GUEVARA MORT

Tenia un diari a les mans, llàgrimes als ulls,  
coratge a les entranyes i llot.  
—Ha finat El Che Guevara, “El Guerriller” —  
vaig llegir al paper. Em tremolaven els genolls,  
dolorit, agafat amb grillons,  
aixafat amb el crim sangonent.  
Enutjat vaig pregar: “Alça’t, obrer!  
Espavila’t pobletà; feu-vos garbelles!  
Heus aquí que ha arribat el temps de la venjança!  
Per la Pau i la Justicia, crideu fort  
a les fàbriques, càtedres, als camps;  
que es tornarà colom d’esperança  
l’alba que ell va somiar. I la seva mort  
els miracles apòcrifs postergarà!”

## **NO 25 ANIVERSARIO DE CASTELAO**

Fai cinco lustros o solar galego  
nas entranas sentiu fondo arrepío:  
o guieiro eisiliado, santo e pío  
xacía na friaxe dun sartego.

En pro do mariñeiro, do labrego  
e da patria sangante fío a fío,  
loitóu contra a inxusticia de cotío,  
gastou forzas, sumíuse, morréu cego.

Pero “Sempre en Galiza”, o gran mensaxe  
do líder galeguista, marca o Norte,  
arde nos peitos, desaffá á morte.

E seu espírito na terra fai romaxe  
—non acadou o corpo a mesma sorte—  
pra acoller con amor o noso homenaxe.

## **AL 25è ANIVERSARI DE CASTELAO**

El solar galleg fa cinc lustres  
a les entranyes va sentir profund horror:  
el guia exiliat, sant i piadós  
jeia a la fredor d'un sepulcre.

En pro del mariner, del pagès  
i de la pàtria sagnant sens fi,  
lluità contra la injustícia ben sovint  
esmerçà forces, es recollí, morí cec.

Però “Sempre en Galiza”, el gran missatge  
del líder galleguista, senyala el Nord,  
crema en els pits, desafia la mort.

El seu esperit a la terra fa pelegrinatge  
—no atenyí el cos la mateixa sort—  
per acollir amb amor el nostre homenatge.

## ORACIÓN Á VEIRA DO ORBIGO

Por qué, Señor, magoache os nosos peitos  
con tamaña disgracia?  
Hastra cando, Señor, o noso pobo  
ten que sofrir tristuras e destragos?  
Por qué, meu Deus, a emigración,  
as chuvias que asulagan labrantíos,  
a polución que mata?  
Tan ruín, Señor, é o noso pobo  
pra ser merecedor do sacrificio  
de inocentes criaturas?  
Por qué, meu Deus, por qué te ensañas  
co laceirado Xob  
que garda a tua Lei?  
Repara cánto laio  
e acórrenos, Señor!  
Dállles eterna paz ós mortos  
que enloitaron a nosa Terra  
e enxerga e glorifica, xa,  
teu pobo lóngamente aburado,  
Señor!

## PREGÀRIA A LA RIBERA DE L'ÓRBIGO

Per què, Senyor, ens has ferit al pit  
amb una desgràcia tan gran?  
Fins quan, Senyor, el nostre poble  
ha de patir tristors i estralls?  
Per què, Déu meu, la emigració,  
les plujes que neguen els conreus,  
la pol·lució que mata?  
Tan mesquí, Senyor, és el nostre poble  
per ser mereixedor del sacrifici  
d'innocents criatures?  
Per què, Déu meu, per què t'acarnisses  
amb el llatzerat Job  
que guarda la teva llei?  
Repara allò de què em planyo  
i ajuda'ns, Senyor!  
Dóna la pau eterna als morts  
que van endolar la nostra Terra  
i eleva i glorifica, ara,  
el teu poble tant de temps consumit,  
Senyor!